



Revolta de mulleres na Igrexa. Ata que a igualdade sexa costume

Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria

O 7 de marzo de 2021, a Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria saíu á rúa para reivindicar a igualdade na Igrexa. Por mor dos peches perimetrais e as reducións de aforo impostas houbo un acto en Santiago de Compostela e unha concentración diante da Igrexa da Peregrina en Pontevedra. Este acto viña posposto dende o ano pasado, no que o estado de alarma derivado da pandemia nos obrigou a suspender unha celebración desexada dende había moito tempo.

Neses días houbo actos da Revolta das Mulleres na Igrexa en diferentes lugares do Estado español convocados polas plataformas da Revolta das Mulleres na Igrexa de cada localidade. En Badaxoz, Barcelona, Bilbao, Córdoba, Granada, Madrid, Las Palmas de Gran Canaria, Sevilla, Valencia, Zaragoza... as mulleres da Igrexa saímos á rúa. En todos eles cumprimos fielmente as normas sanitarias vixentes, o que limitou a participación, porque a pandemia non vai calar a nosa voz.

O acto de Compostela celebrámolo na praza da Quintana, diante da Porta Santa, aberta neste ano xubilar, todo un símbolo das nosas reivindicacións. Unha única pancarta anunciaba a Revolta das mulleres na Igrexa co lema «Ata que a igualdade sexa costume». A seguir está o texto desta celebración. Coas nosas palabras e xestos fixemos presente e reivindicamos a loita de todas as mulleres silenciadas na Historia da Igrexa.

1.- Presentación

(As persoas asistentes colócanse en círculo. No centro os carteis da revolta internacional Voices of Faith)

Bo día a todas e todos. Por mor dos peches perimetrais este ano obríganos a organizar dous actos diferentes, un en Compostela e outro en Pontevedra, pero non queremos deixar de estar na rúa no día das mulleres.

A Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria facemos este ano as nosas vodas de prata. Cumprimos 25 anos dende que comezou a nosa andaina alá polo ano 1996.

Levamos todo este tempo loitando para que esta Igrexa acabe sendo esa comunidade de iguais coa que soñou Xesús: mulleres e homes irmáns para a construción dun mundo mellor

Benvidas a este acto, a esta revolta das mulleres na igrexa.

Neste momento, unímonos ás mulleres de toda España e Europa, que, como nós, reúnense diante das igrexas para facer revolta.

Os tempos cambian, as sociedades avanza, evolucionan, pero nós, as mulleres na Igrexa, seguimos estando como sempre nun segundo plano, como cidadás de segunda categoría.

Por iso levamos a cabo esta revolta: «para que a igualdade non sexa excepción, senón costume».

Queremos que todo o mundo se decate de que hai outra maneira de facer Igrexa, de ser Igrexa.

É un paradoxo que nunha institución que representa o «amor gratuío, incondicional que é Deus», as mulleres aínda hoxe, estamos marxinas en determinadas tarefas, lonxe dos ámbitos de decisión, silenciadas.

Á Igrexa fáltalle a voz das mulleres, que por outra parte, son o soporte básico das tarefas máis fundamentais. A maior enfermidade da igrexa chámase clericalismo: unha cultura e unha mentalidade que calou nos cristiáns e cristiás durante séculos e

que seguimos arrastrando. Non queremos romper con ninguén. A Igrexa foi e ten que volver a ser unha comunidade de iguais.

Estamos fartas de empurrar, do silencio, de aguantar... A nosa causa nunca é prioritaria. Hoxe alzamos a voz: abonda xa!!!

Faremos revolta, ata conseguir que ningunha muller sexa excluída polo feito de selo, de ser muller.

- ata que a moral sexual se preña de tenrura e misericordia.
- ata que a linguaxe dos textos sexa totalmente inclusiva.
- ata que se acabe coa feminización da pobreza.

Tamén nos revolveremos por todas as mulleres valentes que nos precederon e abriron camiños. Mulleres con afouteza que nos deixaron pegadas moi fondas. Por elas, porque os seus esforzos non foron en balde, por todas nós que continuamos na loita e polas que virán que recollerán os froitos, imos gardar un minuto de silencio, xa que estamos seguras de que:

«se as mulleres calan berrarán as pedras»

Alzamos a voz: «Ata que a igualdade sexa costume!»

Canción: O Verdegaió. (letra adaptada).

2.- Mulleres na Revolta

Somos moitas e vimos de lonxe. E hoxe estamos aquí grazas a todas as mulleres que nestes 20 séculos loitaron pola igualdade na Igrexa. Vimos vestidas de branco coma unha nova santa compañía, aquela que soñaba Castelao, e que nós encarnamos hoxe. Somos as herdeiras das censuradas, das esquecidas, das queimadas na fogueira. Sostemos esta Revolta de Mulleres na Igrexa para recordalas, para aprender delas, as nosas nais, e para dicirlles que os seus esforzos non foron en balde, que a súa utopía é posible, porque nós seguimos loitando ata que a igualdade sexa costume.

Diante da porta santa da catedral queremos construír un novo coro de santas berrando os seus nomes, lembrando as súas histo-

rias. Son doce apóstolas, doce mensaxeiras, doce trompetas que tocan alto e claro que a igualdade está aquí preto, que case a tocamos coas mans. Sentimos a súa mirada, desde o alto da Historia, resucitadas nos nosos berros, na Gloria de ver como a mensaxe de igualdade que anunciaba Xesús de Nazaret non se perdeu: está viva hoxe, aquí, en nós. Agradecemoslle infinito a todas elas a súa vida e a súa loita.

(Ao ir presentando a cada unha, no círculo levántase un cartel coa súa imaxe)

- Segue viva en nós María de Magdala, que nos mira desde o século I, primeira testemuña indiscutible da Resurrección, fonte da autoridade apostólica, base firme sobre a que se ergue a comunidade das persoas que cremos que Xesús é o Señor, argumento da autoridade e igualdade das mulleres.

Grazas, María de Magdala

- Segue viva en nós Macrina, Mestra de teólogos, que no século IV inicia a monástica feminina na Capadocia. A súa fondura e espiritualidade deixou pegada nos seus irmáns Basilio de Cesarea e Gregorio de Nisa.

Grazas, Macrina

- Segue viva en nós Exeria, que no século IV peregrina a Terra Santa e recolle por escrito as súas investigacións nun itinerario dedicado a un grupo de mulleres que a animan e alentan, e coas que preparou a viaxe antes de partir. Por Exeria sabemos do culto na nosa terra a Tomé, Tegra ou Eufemia, como se organiza a monástica en Oriente ou como eran as celebracións nas primeiras igrexas de Xerusalén.

Grazas, Exeria

- Segue viva en nós Hildegarda de Bingen, abadesa alemá do século XII, doutora da Igrexa. Muller sabia que deixou tratados de medicina, botánica, filosofía, teoloxía, cantidade de

pezas musicais... Hildegarda é a profetisa que deixa o seu mosteiro para predicar polas aldeas. As súas visións místicas, centradas no corpo, son o inicio da mística feminina.

Grazas, Hildegarda

- Segue viva en nós Margarita Porete, muller do século XIII, que pertenceu ao movemento das beguinas. Autora de escritos místicos soberbios, queimada na fogueira por herexe en París. A súa obra *O espello das almas simples e aniquiladas* é un indispensable da mística medieval. Por dúas veces a Inquisición quixo facer desaparecer este seu libro, que perviviu na clandestinidade.

Grazas, Margarita Porete

- Segue viva en nós Tareixa de Xesús, doutora da Igrexa, mestra de moitas, que no século XVI defende o seu dereito a ser muller e facer teoloxía. Tareixa non se inmuta cando a inquisición lle queima a súa obra, volvendo coller a pluma con máis agudeza. Funda unha nova orde, as carmelitas, poñendo empeño especial na formación teolóxica das monxas.

Grazas, Tareixa de Xesús

- Segue viva en nós Sor Xoana Inés da Cruz. Mística e poeta mexicana, aguda pensadora, de mente rápida e pluma áxil, que nos deixa poemas que son auténticos alegatos contra a demonización das mulleres.

Grazas, Xoana Inés da Cruz

- Segue viva en nós M. Antonia Pereira de Andrade, a Monxa do Penedo. Viviu no século XVIII. Foi escritora e mística carmelita. Iniciou a súa andaina de fe como eremita en Cuntis e fundou o Convento do Carme de Compostela.

Grazas, Antonia, Monxa do Penedo

- Segue viva en nós Elisabeth Cady Stanton, sufraxista do século XIX, que forma un grupo de estudo para atopar na Biblia os argumentos a prol da igualdade e os dereitos das mulleres. No seo deste grupo nace a Biblia das mulleres, publicada en dous tomos en 1895 e 1898, o inicio da actual teoloxía feminista.

Grazas, Elisabeth Cady Stanton

- Segue viva en nós Edith Stein, primeira muller doutora en filosofía no inicio do século XX. Edith foi relegada do acceso á cátedra polo feito de ser muller. Descubre a Tareixa de Xesús e nela atopa o cerne da súa existencia: abandona a universidade e profesa como carmelita dedicándose á teoloxía. Desapareceu no campo de exterminio de Auschwitz.

Grazas, Edith Stein

- Segue viva en nós Simone Weil, filósofa do século XX, compañeira de Simone de Beauvoir. Weil abandona a docencia universitaria na Sorbona para inserirse no mundo obreiro, no que adquire o que ela define como «a marca da escrava». Weil deixounos escritos filosóficos, políticos e místicos dunha radicalidade e contundencia difíciles de catalogar. A súa identificación coa causa dos pobres lévaa a vivir na miseria, morrendo de tuberculose.

Grazas, Simone Weil

- Segue viva en nós Pilar Belosillo, muller laica madrileña, chamada a ser consultora no Concilio Vaticano II, o primeiro concilio da Igrexa no que participaron mulleres. Pilar Belosillo foi presidenta das Mulleres de Acción Católica e fixo que a organización se orientase á acción social. Tamén foi presidenta da UMOFC, a Unión Mundial de Organizacións de Mulleres Católicas, e impulsou o nacemento da ONG Mans Unidas.

Grazas, Pilar Belosillo

3.- Danza de Bendición

Unha das reivindicacións do feminismo na Igrexa é recuperar-nos a corporeidade, o noso corpo como lugar para o encontro coa Transcendencia. A mística feita por mulleres, que nos chega desde o século XII na escrita de Hildegarda de Bingen, recupera a corporeidade e faina espazo de salvación, de sandación e diálogo con Deus. Nós, as mulleres, estamos a recuperar a corporeidade na oración por medio da danza. Imos rematar esta celebración da revolta das mulleres na Igrexa danzando a bendición. Dispoñémonos en círculo, respectando a distancia de seguridade, e facemos do noso corpo oración. Coas mans cara o chan imos bendicir a terra que pisamos, Galicia, e en concreto, esta praza da Quintana, referente e final dos camiños a Compostela, entrada de peregrinos na catedral.

Coas mans cara adiante miramos e bendicimos a compañeira que está agora connosco, na loita pola igualdade.

Coas mans cara atrás, bendicimos a todas as mulleres que nos precederon, as nosas nais, que enchen de sentido a nosa revolta. Somos hoxe o corpo, as mans das censuradas, das esquecidas, das queimadas na fogueira... Grazas a elas é que estamos nós aquí.

Coas mans no peito bendicíndonos a nós mesmas, que estamos aquí, agradecidas e sabias, recollendo os froitos de tantos séculos, dando azos a todas as que veñan detrás de nós.

Música e danza de bendición

4.- Lectura do Manifesto «Alcemos a Voz»

No marco do 8 de marzo, neste ano de pandemia, as mulleres crentes do Estado español, en unión á plataforma europea Voices of Faith, alzamos a voz para dicir que:

Vimos de lonxe

- Dunha longa tradición feminista que loitou pola dignidade das mulleres, que esixiu a igualdade de dereitos, poder votar,

liberdade sexual e reprodutiva. Neste inicio do século XXI recoñecémonos diversas, amosamos a nosa forza, nova e anovada, e na véspera do 8 de marzo volvemos saír á rúa para alzar a voz e dicir: abonda xa!

Vimos de lonxe

- Das mulleres valentes e libres das primeiras comunidades cristiás, e de todas as que ao longo da historia se teñen negado a quedar recluídas nos roles secundarios e invisibles aos que a tradición eclesial e teolóxica as quería someter.
- Mulleres protagonistas da súa fe, que alzaron a voz para dicir en que crían. Mulleres insumisas que loitaron para que a súa autoridade fose recoñecida, mulleres solidarias que se organizaron para atender as persoas que máis o necesitaban, mulleres esperanzadas que creron que a transformación social e a xustiza eran posibles.

Vimos de lonxe

- Da boa nova dun Xesús que transgride as normas dunha sociedade fundamente patriarcal. Vimos do Xesús que trata as mulleres como iguais, e dialoga con elas de ti a ti. Elas, como María Magdalena, son discípulas, amigas, mestras... Son, en definitiva, persoas. Vimos dunha Igrexa que nos seus inicios fixo da igualdade entre homes e mulleres unha das achegas máis radicais do cristianismo á historia da humanidade. Recuperémola!

Vimos de lonxe e somos moitas.

- Somos moitas as que en todo o mundo alzamos a voz.
- Somos maioría nas tarefas de voluntariado, nas celebracións relixiosas, como catequistas, nos consellos parroquiais... Somos moitas nos movementos, asociacións, centros recreativos e no mundo educativo de crianzas e mocidade. Son incontables as congregacións de relixiosas que traballan día

a día polos dereitos dos máis vulnerables, como as mulleres prostituídas ou vítimas da trata. Quen constitúe unha parte importante da Igrexa no século XXI? Nosoutras!

Somos moitas e dicimos: Abonda xa!!

- Dicimos abonda xa! porque malia ser maioría somos consideradas como eternas menores de idade, e tratadas con condescendencia.
- Dicimos abonda xa! a ser invisibilizadas e silenciadas.
- Dicimos abonda xa! á discriminación por razón do sexo ou do xénero. Cantas mulleres vemos que representan a institución? Cantas teólogas traballan nas facultades de teoloxía? Cantas acompañan espiritualmente? Cantas son formadoras nos seminarios? Cantas poden tomar parte na toma das decisións máis importantes?
- Dicimos abonda xa! a que se nos negue o sacerdocio debido ao noso corpo, un corpo que sempre está baixo sospeita.
- Abonda xa dunha visión negativa da sexualidade, que crea sufrimento.
- Abonda xa dunha imaxe de Deus exclusivamente masculina.

Imaxinamos e construímos unha Igrexa nova.

- Unha Igrexa que é comunidade de iguais, onde a muller é recoñecida como suxeito de pleno dereito, con voz e voto en todas as partes, onde a muller é valorada polos propios talentos, carismas e achegas ás comunidades.
- Unha Igrexa onde o liderado é compartido entre mulleres e homes, leigos, leigas e persoas consagradas. Unha igrexa paritaria, máis plural, non xerárquica.
- Unha Igrexa que acompaña sen xulgar toda a diversidade das familias, de identidades e orientacións sexuais.

- Unha Igrexa onde as mulleres somos e nos recoñecemos con autoridade e liderado.
- Unha Igrexa que xa hoxe é semente de futuro.

Vimos de lonxe, somos moitas e alzamos a voz para dicir: abonda xa!

Neste mes de marzo de 2021, esiximos unha Igrexa nova, na que a igualdade sexa costume!!

Canción final: Rumboia (coa letra adaptada).

Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria